



## Acordos da Comisión Delegada da FGA

**Data:** Xoves, 22 de abril de 2021

**Carácter:** Telemática (Councilbox)

**Convocada:** Polo presidente da FGA, conforme ao artigo 29º dos estatutos da FGA

**Motivo:** Cambios no Calendario da FGA 2021

**Órgano competente:** Comisión Delegada, conforme ao artigo 20º dos estatutos da FGA.

**Xustificación da proposta:** As modificacións do calendario 2021 realizadas por parte da Real Federación Española de Atletismo o pasado 18 de abril, afectan ao propio calendario da FGA que foi aprobado na última Asemblea Xeral nalgunhas das datas de celebración de diferentes Campionatos de Galicia. Por exemplo, o 15 de maio haberá xornadas de Liga Nacional nas que participarán clubs galegos e que antes estaban libres. Proponse pasalo ao 22 de maio. Asemade, proponse efectuar o Campionato de Galicia de Probas Combinadas antes do Campionato de Galicia Absoluto para que as marcas mínimas poidan ser validas para poder participar no Campionato de España.

Por outra banda, as xestións feitas nas últimas semanas con diferentes concellos permiten celebrar tanto o Campionato de Galicia de Marcha en Ruta como o Campionato de Galicia de Trail Running, coas limitación que o protocolo COVID19 establece nas actuais datas.

Por todo elo, unha vez analizadas as diferentes posibilidades do calendario de competicións por parte da Dirección Técnica da FGA, proponse as seguintes datas:

Competición	Proposta de data
Campionato de Galicia P. Combinadas Clubs	8 e 9 de maio 2021
Campionato de Galicia de Marcha en Ruta	8 de maio 2021
Campionato de Galicia de Clubs S16 e S20	22 de maio 2021
Campionato de Galicia de Trail Running	30 de maio 2021
Campionato de Galicia Absoluto P. Combinadas	5 e 6 de xuño

### Integrantes da Comisión Delegada que votaron:

Isidoro Hornillos Baz; Asociación Deportiva Atlética do Sil; Club Carmelitas Ourense; Club Marineda Atlético; Lugo Running Club by Ramos Lourés; Sociedad Gimnástica de Pontevedra; José Vicente Veiga Doldán; Óscar José Seoane Vázquez; Víctor Pérez Currás

**Resultados da votación:** 7 votos a favor da proposta e 2 en contra.

**Acordo adoptado:** Celebrar os Campionatos de Galicia nas datas indicadas na proposta.

A Coruña, a 22 de abril de 2021